



A vida, a muiñeira

► O bar de Javito de Gran Hermano convértese en terreo hostil para un cantor punk e Galicia Erótica reserva a portada a unha empresaria

CONTABA HAI unhas semanas O Leo i Arremecághona, cantor punk vigués e profesor de Secundaria na Laracha, que non foi moi ben recibida a súa proposta escénica no bar que rexenta Javito, o gañador galego de Gran Hermano III, en Carballo. Non falaba mal O Leo do cocinheiro que sobreviviu á edición de Pepe Navarro, senón dos parroquianos. Facía O Leo estas confesións ao ser convidado como relator ao congreso Ecolingua que organizou o Igea de Anxo Quintana en Vigo.

Coido que non fai falta que lles diga que o meu non é o punk, pero algunha vez teño escoitado as creacións do Leo e paréceme un mozo moi ocurrente. Recomendólles encarecidamente que busquen pola rede unha versión fantástica que fai da 'Tómbola' de Marisol, acompañado pola artista lugués Pepa Yáñez á pandeireta: «A vida é unha muiñeira!!!». Nada máis que dicir.

Galicia Erótica

Cóntame a miña colega Clara Aldán, de Diario de Pontevedra, que a revista Galicia Erótica, que se move entre os terreos das estrelas do porno Totó García ou Ramón Nomar —por citar dous do país— e os da exposición 'As bágoas de Eros' ten reservada a súa portada do mes que vén a unha empresaria pontevedresa.

Non lles teño nin idea de quen pode ser —vaia por diante—, pero non vexo a señoras como Thais de Picaza ou Marisol Bueno neses terreos, que queren que lles diga. Podería ser que se refiran a unha empresaria do gremio da perruquería, con negocio en Ar-

cade e coñecida como a galega de Cancún, que xa ten experiencia en deixar catatónicos aos veciños logo dun posado con pouquechiña roupa. Admítense apostas.

Lalín, a plan

Logo da pantagruélica xornada de hoxe, os de Lalín vanse poñer a plan para queimar os excesos. Resulta que unha vintena de súbditos de Xosé Fashion Crespo van participar no próximo reality show da Galega 'O gran cambio'. O programa é unha versión do formato suízo 'Village on diet' e estará presentado por Mariana Carballal, que facía as veces da sufridora Maribel, a esposa de Roberto Tonecho Vilar. Durante 13 emisións verémolos na súa loita contra os quilos.

O máis rechamante do asunto é que nunca saberemos canto pesa cada concursante —que alivio, digo dende a empatía— e que o obxectivo da perda de quilos será colectivo. A pesaxe será tamén en grupo: farase cun guindastre e cunha báscula comercial e cantaranse a viva voz as arrobas que van perdendo os vinte valentes antes da operación biquini.

Unha concelleira, Pilar López; unha nutricionista, Vanessa Taboada, e un preparador físico, Carlos Vázquez que coordinan o programa Entornos Saudables súmanse ao proxecto. Sorte!



J. Fernández e Mariana Carballal.

PÍLULAS

The way ► A produtora Filmax, do fonsagrado Julio Fernández, estreou o 'trailer' de 'The way' a peli dirixida por Emilio Estévez, con Martín Sheen de prota e filmada no Camiño de Santiago.

Butelo ► Julio Fernández recolleu hai uns días o premio José María Forqué, entregado polo gremio actoral, e loubou tanto as virtudes do butelo que intrigou ós presentes.



Un momento da rodaxe da película 'The way'. EFE/REP